



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: publicación das listaxes definitivas de admitidos, non admitidos e de agarda nas EIM e apertura de prazo para aceptación de praza para o curso escolar 2020/21.

Rematado o prazo para a presentación de reclamacións por parte dos pais/nais/titores legais en relación ás listaxes provisionais de admitidos, non admitidos e agarda para admisión e reserva de praza nas Escolas Infantís Municipais para o curso 2020/21 publicadas o 16 de xullo de 2020.

Visto o **“Protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 fronte ao coronavirus aplicable a casas niño, puntos de atención á infancia, espazos infantís e ludotecas”** da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social incluído no **Plan de reactivación no ámbito infanto-xuvenil** da Xunta de Galicia que di:

“””A implantación de medidas preventivas nunha escola infantil 0-3, é moito máis complexa que para outros ciclos superiores, toda vez que a maiores da actividade lectiva, esta complementase coa cobertura dunha serie de necesidades básicas como durmir ou xantar, ademais de outras afectivas incompatibles co afastamento social recomendado ante o coronavirus. Os coidados dun lactante ou dun neno ou nena de 0-3 anos, tanto no fogar como na escola, precisa do estreito contacto humano e dun vencello afectivo que facilite o crecemento físico e emocional dos mais cativos.

Neste contexto é imperativo o establecemento dunha planificación para a reapertura da actividade presencial dos recursos e escolas infantís de cero a tres, espazos infantís e ludotecas.

Trátase de medidas de carácter preventivo que teñen por obxecto a protección de todas as persoas usuarias dos centros, así como de todas as persoas integrantes dos equipos técnicos e resto de persoas traballadoras.

Son medidas dirixidas a minimizar o máximo posible a carga viral nas instalacións, que afectan á organización das diferentes intervencións e funcións que debe desenvolver o persoal, así como os protocolos de actuación coas nenas e nenos, instrucións para as familias e protocolos de actuación para empresas externas e terceiros alleos aos centros. Tamén para as tarefas de limpeza e desinfección, así como á reestruturación de espazos e da xornada laboral segundo proceda en cada caso.

Todas estas medidas serán revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica e da información que trasladen as autoridades sanitarias, e adaptaranse en todo momento ás directrices proporcionadas dende a Consellería de Política Social.”””





Así mesmo no punto 6. *Liñas de actuación no ámbito de escolas infantís* Apartado 3. *Cuestións organizativas* establece:

“Tomaranse as medidas organizativas pertinentes de cara á distribución do persoal en función das ratios e número de unidades abertas, así como dos diferentes momentos da xornada, e reparto das tarefas”

E no apartado 6.5.2. *Actividade nas aulas e medidas de hixiene*:

“Evitarase ou reducirase ao máximo posible as interaccións e intercambios entre as nenas e nenos das distintas aulas ao longo de todos os momentos da xornada.”

Vista a proposta da Concelleira de Educación e Cultura,

RESOLVO:

- 1) Publicar as *Listaxes definitivas de admitidos, non admitidos e agarda para admisión e reserva de praza nas EIM para o curso 2020/21* que se achegan.
- 2) Establecer o prazo entre o 21 e o 27 de agosto de 2020 (ambos inclusive) para a aceptación de praza que deberá presentarse no rexistro xeral (Casa do Concello, Avda. Madrid, 1 – 36960 Sanxenxo) ou na sede electrónica do Concello de Sanxenxo (<http://sede.sanxenxo.es/>)
- 3) Que o horario de apertura das Escolas Infantís Municipais para o curso 2020/21 sexa de 8,00 a 17,00h.
- 4) Non abrir unha aula 0-1 da EIM O Revel

Asinado dixitalmente na data que figura ao pé

O alcalde, Telmo Martín Gonzalez

O secretario, Angel Luis López Pita

